

ACORDO PARA O ACCESO Á XUBILACIÓN PARCIAL E CONTRATO DE RELEVO DO PERSOAL LABORAL DO CONVENIO COLECTIVO DA S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

De acordo co previsto no artigo 8 e na disposición final quinta do Real Decreto-Lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover e envellecemento activo, a Comisión paritaria da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo acorda manter a xubilación parcial e contrato de relevo, de conformidade cos seguintes pactos:

1. Os traballadores da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo poderán acollerse á xubilación parcial, cando cumpran os requisitos correspondentes, nos termos da regulación vixente antes do 1 de xaneiro de 2013, nos supostos recollidos na alínea 2.c) da disposición final duodécima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, na redacción dada polo Decreto-lei 5/2013, de 15 de marzo.
2. O acceso á pensión realizarase de conformidade co seguinte plan de xubilación parcial:
 - a. Incorporáranse ao presente plan todos os traballadores e traballadoras do Convenio Colectivo da S.A. de Xestión (relacionados nominalmente no anexo) que ata o 31 de decembro de 2018 cumpran os requisitos esixidos consonte á normativa vixente antes do 1 de xaneiro de 2013.
 - b. Os traballadores e traballadoras poderán solicitar a redución da súa xornada entre un mínimo do 25% e un máximo do 75%.
3. A vixencia do presente acordo estenderase desde a data da súa subscripción ata o 31 de decembro de 2018, de acordo coa duración máxima establecida no artigo 8 do Real Decreto-lei 5/2013, de 15 de marzo, para a aplicación de normas transitorias ás pensións de xubilación que se causen antes do 1 de xaneiro de 2019.

4. O plan de xubilación parcial recollido no presente acordo colectivo será comunicado e posto en disposición do Instituto Nacional da Seguridade Social antes do 15 abril de 2013.

E, en proba de conformidade, asinan este acordo en Santiago de Compostela, a 27 de marzo de 2013.

Pola parte empresarial:

Director-Xerente


José Paz Gestoso


Secretaria do Consello de Administración


Elena Barca Ramos

Pola parte social:


Rosa Mª Cortizo Prieto (UGT)


Jesús Cao Rivas (UGT)


Marcial Rodríguez Suárez (USO)